

A situación do patrimonio marítimo galego. Propostas de futuro para o patrimonio a flote

Agosto 2016



É lugar común dicir que Galicia é un país marítimo. O mar foi o sector que xerou a industrialización do país e actualmente é un sector que dá traballo a milleiros de persoas directa ou indirectamente. Toda a actividade relacionada co mar nos últimos centos de anos xerou un numeroso e importante patrimonio, tanto material como inmaterial. Este patrimonio está en risco pola evolución natural da nosa sociedade. Novas tecnoloxías van facendo desaparecer vellos modos de produción e as instalacións, barcos, utensilios e saberes que lle eran propios.

Non é este o lugar para xustificar a importancia de salvagardar e socializar este patrimonio. Baste dicir que a recente Lei do Patrimonio Cultural de Galicia pon por fin os elementos do patrimonio marítimo en pé de igualdade con outros dos que hai tempo que se ve con normalidade que sexan protexidos polas administracións públicas polo seu valor intrínseco. Se ben é certo que esta nova lei mellora a situación normativa do Patrimonio marítimo, tamén é certo que non percibimos nas administracións e quizais na sociedade a preocupación por este que ata agora si tiveron polos outros patrimonios.

No patrimonio marítimo distinguimos o material (inmóble e móble) e o inmaterial. Dentro do móble hai un grupo de bens que precisan unha especial atención: o patrimonio flotante. Os barcos de interese patrimonial (históricos, singulares, tradicionais, etc.) son xunto co patrimonio inmaterial os que corren máis risco neste momento. O material do que están feitos, a madeira, ten unha curta vida se non se coida adecuadamente. A isto hai que engadir que hai un forte proceso de substitución da madeira polo ferro e a fibra de vidro que está facendo desaparecer non só os barcos de madeira senón os oficios relacionados e os saberes propios deles. Baste como exemplo que se nos anos oitenta había censadas máis de 350 gamelas guardesas e masseiras, no ano 2010 só quedaban 158.

Culturmar quere con este documento chamar a atención sobre a situación actual deste patrimonio e formular unhas propostas básicas que de implementarse mellorarán sustancialmente a dita situación.

As actuacións das administracións respecto do patrimonio marítimo

Central

A Administración Central non ten competencias en cultura no territorio galego, pero sí que ten as competencias exclusivas en matriculación e inspección de embarcacións. É a Dirección General de la Marina Mercante quen se encarga de determinar que barcos poden navegar e en que condicións deben estar para poder pasar as inspeccións correspondentes. Neste momento unha embarcación tradicional está sometida ao mesmo réxime de calquera barco recen deseñado. Isto é unha dificultade máxima para o patrimonio flotante galego. A Ley 14/2014, de 24 de xullo, de Navegación Marítima establece que haberá un rexistro especial para os barcos históricos e as súas reproducións, un réxime simplificado de certificacións e inspeccións, así como exencións para os que formen parte do Inventario General de Bienes Muebles del Patrimonio Histórico Español ou sexan BIC. Dous anos despois aínda nada se sabe do regulamento deste rexistro e deste réxime especial de inspeccións.

Autonómica

A Xunta de Galicia a través de diferentes consellerías ven traballando pola salvagarda do patrimonio marítimo desde os anos oitenta. A Consellería do Mar foi a que fixo o principal traballo a favor do patrimonio marítimo. Inicialmente establecendo axudas para restaurar barcos e logo apoiando o traballo de diferentes colectivos sobre os aspectos culturais do mar, entre eles Culturmar. A isto hai que engadir o labor de publicación e distribución de diverso material sobre a cultura marítima galega e que sostén a Aixola, o único centro de formación de carpintería de ribeira de Galicia. Asimesmo, na normativa de Portos de Galicia, dependente da consellería, contéplanse exencións a barcos tradicionais nas taxas portuarias. A aplicación das exencións mencionadas vese dificultada pola inexistencia de mecanismos que aclaren que barco é tradicional e cal non, sendo os funcionarios de Portos os que en última instancia deciden, o que está creando problemas á hora de tramitar as ditas exencións. Tamén é significativo o traballo de Portos de Galicia na concesión de pantaláns como o que en Combarro está adicado unicamente a embarcacións tradicionais, aínda que hai que dicir que existen varias peticións similares noutros portos sen que se vexa unha próxima resolución a estas demandas.

A Consellería de Cultura, ademais de manter museos como o Massó ou o Museo do Mar de Galicia, ten apoiado a diversas entidades con axudas para a celebración de eventos ao redor do patrimonio marítimo. O labor máis significativo de Cultura ata agora foi a elaboración da nova Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, que marca un punto de inflexión no amparo normativo do noso patrimonio marítimo. Por primeira vez aparecen expresamente recollidos na lei moitos dos elementos do noso patrimonio do mar. Dito isto, hai que dicir tamén que non existen polo de agora mecanismos específicos para recoñecer o carácter patrimonial dunha embarcación, xa sexa histórica, tradicional ou unha réplica, máis alá do procedemento para solicitar a declaración de BIC.

A Consellería de Industria ten apoiado puntualmente a celebración de eventos ao redor do patrimonio, pero o seu traballo principal neste ámbito foi axudar ao sector da carpintería de ribeira, especificamente á Agalcari, a asociación de carpinteiros de ribeira de Galicia.

Provincial

Das tres deputacións con costa é a de Pontevedra a mais implicada no traballo a prol do patrimonio marítimo. Moitos dos barcos restaurados ou replicados nesa provincia fórono con financiamento parcial da deputación mediante unha liña de axudas específicas. A isto hai que engadir ter promovido o proxecto PROAMARE financiado pola UE e que entre outras cousas permitiu facer un estudo inicial dalgunhas tipoloxías de barcos, e o apoio económico a varios eventos.

Pola súa banda a Deputación da Coruña ten axudado economicamente en varios eventos relacionados co patrimonio como é o caso de recentes edicións do Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia. Tamén esta deputación liderou o proxecto DORNA que con financiamento da UE axudou entre outras cousas a facer un plan de mellora das carpinterías de ribeira tradicionais galegas e un intento de inventario de embarcacións.

Local

Os concellos fan actuacións puntuais, algunhas de moito mérito e interese, conveniando a restauración de barcos con entidades locais, mantendo centros de interpretación e pequenos museos, ou apoiando os eventos que se realizan no seu territorio por parte de asociacións e colectivos locais. A casuística é moi variada e vai desde concellos que apoian cos seus medios a asociacións e eventos ata concellos que non dubidan en destruír estaleiros tradicionais. En xeral a actuación dos concellos depende moito da actitude do goberno local, sen que haxa un plan arredor do seu patrimonio marítimo.

Por último, dependentes da Consellería do Mar pero cun carácter local e actuando de forma independente existen os GAC, agora GALP, que con fondos da UE promoven o desenvolvemento das zonas vinculadas ao mar. Estas entidades ademais da difusión da cultura vencellada ao mar teñen financiado restauracións de barcos, inventarios do patrimonio dalgunha zona concreta da costa, etc. Non hai unha coordinación entre as actuacións dos GAC que permita unha planificación a medio ou longo prazo.

A sociedade civil

Persoas e colectivos sociais promoven de variadas formas a salvagarda e socialización do patrimonio marítimo e son estas persoas e colectivos os posuidores do patrimonio a flote. Pódese dicir que hoxe existe un patrimonio a flote porque persoas e entidades privadas tomaron a iniciativa e investiron cartos e sobre todo un enorme esforzo en manter en actividade estes barcos.

Ainda que non todos, son maioría os barcos que pertencen a algunha asociación, xa sexa porque o propietario é socio ou porque o barco é propiedade da asociación. Baseadas no traballo voluntario, as asociacións axudan ao uso colectivo dos barcos e en xeral a socializar o patrimonio marítimo. Estas asociacións acceden a algunhas axudas públicas para manter a súa actividade pero estas axudas son claramente insuficientes para a envergadura do traballo que levan a cabo. 44 destas entidades están agrupadas en Culturmar o que permitiu non só coordinarse e colaborar senón actuar conxuntamente no establecemento de vínculos con entidades doutros territorios e formar parte de European Maritime Heritage, a maior asociación europea de patrimonio marítimo que trata de lograr un marco internacional adecuado para o patrimonio flotante.

Os problemas do patrimonio marítimo a flote

O principal problema do patrimonio a flote é de tipo normativo. Por un lado non hai unha regulación de construción, matriculación e inspección específica para este tipo de barcos, e por outro lado non hai un inventario ou normativa que permita determinar se un barco é tradicional ou de interese patrimonial e ten por tanto dereito á protección das administracións e á exencións nas súas taxas.

O outro gran problema deste patrimonio é a falta de espazos acidos para guarecelo e mostralo á cidadanía. Só hai un pantalán destinado a museo flotante en Bouzas, territorio da Autoridade Portuaria de Vigo, e outro aínda que non especificamente como museo, en

Combarro, territorio de Portos de Galicia. Os barcos de interese patrimonial precisan atraques en boas condicións, con custos asumibles polos propietarios dos barcos, en moitos casos entidades sen ánimo de lucro, e que permitan a socialización deste patrimonio mediante a súa mostra ao público e o uso colectivo.

Propostas básicas arredor do patrimonio flotante

1. Recoñecemento do carácter cultural das embarcacións tradicionais ou de interese patrimonial e das súas réplicas mediante a correspondente normativa, tanto das existentes actualmente como das que o merezan no futuro.
2. Elaboración dun inventario público deste tipo de barcos que teña como obxectivo protexer estes barcos, xerar a información necesaria para poder planificar a actuación das administracións e difundir o valor do noso patrimonio. Este inventario podería apoiarse en inventarios parciais xa feitos por asociacións, confrarías, etc.
3. Creación de mariñas tradicionais reservando, en cada porto onde sexa demandado, un espazo no que mostrar á cidadanía de forma digna os barcos que forman o noso patrimonio a flote, sempre cun custo asumible polas entidades que están a traballar na defensa deste patrimonio colectivo.

Estas tres propostas por si mesmas non van solucionar todos os problemas do patrimonio flotante, pero son medidas asumibles, fáciles de levar adiante e que poden axudar a crear as condicións de partida para que o noso patrimonio teña maiores posibilidades de permanecer e chegar a ser coñecido e desfrutado por moitas máis persoas das que hoxe o fan. Partindo disto, non hai que considerar menores as posibilidades que o noso patrimonio marítimo pode chegar a ter como recurso económico no marco dun turismo cultural sostible

CULTURMAR
Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial
Apartado de correos nº 38
36630 Cambados
fgcmf@culturmar.org
689 005 026

